

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	GUITIRIZ
Edificio	Igrexa de Santo Estevo de Parga
Dirección	Rúa da Pobra, 77. 27380
	43.158524 -7.838186
Protección	
Descrición	Situada nun outeiro ó carón do castelo da Pobra de Parga, antiga situación dun castro. Presenta varios restos da súa primitiva factura románica do século XII. Consta de nave rectangular, capela maior cadrada e unha sancristía engadida xunto con outra edificación no lateral esquerdo. Fabricada en sillería de granito e cuberta de pizarra a dúas augas na nave e a catro no presbiterio. A fachada é do século XVIII, e os sillares colléronse do castelo da Pobra. Ten porta adintelada, xanela rectangular central, espadana de dobre corpo e dobre van e un interesante reloxo de sol no ángulo que forma a fachada e o muro lateral dereito, onde se conservan algúns antigos canzorros e unha primitiva figura labrada románica. No interior hai pinturas ó fresco do século XV que representan esceas da Pasión, Anunciación e Cristo en Maxestade. Hai tamén unha ara con inscricións romanas e tres retablos barrocos con tallas dos séculos XVII-XVIII. Accédese ó adro, murado, por un portalón de pedra do século XVIII con cancela de ferro, gran dintel e frontón triangular con cruz e puntas de diamante. Varios sartegos antropomorfos medievais e pía bautismal gótica no adro.
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	03-05-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Maior.	MANCHADO, JACINTO	1996		
Espadana	INMACULADA CONCEPCIÓN	DENCAUSSE COMINAL, PEDRO	1925		

Información completa: [Igrexa de Santo Estevo de Parga - GUITIRIZ \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)